



... polo teu gran amor por nós!



- **As persoas que nos queren de verdade están dispostas a facer moitas cousas por nós. Este é o caso dos pais cos seus fillos.**

O amor dunha nai ao seu fillo

Contan dun neno que lle dixo un día a súa nai:

–Non quero que veñas comigo pola rúa nin que me acompañes ao colexio porque es moi fea e os meus compañeiros rinse de min.

En efecto, a mamá dese neno tiña a cara deformada e con moitas queimaduras. Ela púxose moi triste, ao ver que o seu fillo non quería que aparecese en público con el. Entón díxolle:

–Quero que saibas por que teño a cara así. Cando ti eras aínda un bebé e estabas no berce, houbo un incendio no teu cuarto e estabas a punto de morrer asfixiado e queimado polo lume. Entón metinme entre as lapas e saqueite para fóra e logrei poñerte a salvo cando xa estabas sen sentido e a punto de morrer. Pero eu queimeime por todo o corpo; estiven moito tempo no hospital e os médicos salváronme de milagre. Quero que vexas unha foto miña, para que saibas como era eu antes dese accidente.



E ensinoulle unha fotografía na que aparecía moi nova e moi guapa. Entón o neno chorando abrazouse a ela e díxolle:

–Perdóame, mamá, por portarme tan mal contigo. Dende agora querereite moito máis e estarei moi orgulloso de ti. Direilles a todos que teño unha nai que me quixo tanto que puxo a súa vida en perigo por salvarme a min.

Así é o cariño dos pais que son capaces de dar a vida polos seus fillos.



Imos falar sobre esta historia.

- ¿De que trata a historia? Cóntaa coas túas palabras.
- ¿Que é o que máis che gustou?
- ¿Amaba esta nai ao seu fillo? ¿En que se nota?
- ¿Que di o fillo cando se dá conta do que fixo a súa nai por el?
- Conta algunhas cousas boas que fan os teus pais por ti.



Os acontecementos da Paixón de Xesús:



¡Xesús, canto sufriches por nós!



Escrebe o que pasa en cada unha das seguintes escenas.



- ¿Quen sae nesta imaxe?
- ¿Onde está?
- ¿Que está a facer?
- ¿Como se sente neste momento?



- Nesta escena saen Xesús e Xudas, outros Apóstolos de Xesús e uns soldados. ¿Que está a pasar?



- ¿Que fan con Xesús os soldados?
- ¿Quen era Poncio Pilato?
- ¿Que fai Poncio Pilato con Xesús?



- ¿Que palabras di Xesús cando está a punto de morrer?
- ¿Quen estaba ao pé da cruz?
- ¿Que di o centurión romano cando morre Xesús?

Xesucristo, pola nosa causa, foi crucificado en tempos de Poncio Pilato; padeceu e foi sepultado.